

PROGRAMA: “O TEU PRIMEIRO EMPREGO” EN ORGANIZACIÓNS NON GOBERNAMENTAIS 2021**INSTRUCCIÓN PARA A XUSTIFICACIÓN PARA O PAGO DA SUBVENCIÓN (1ª xustificación)**

Nas **bases do programa** de fomento da empregabilidade na provincia de Pontevedra “O Teu Primeiro Emprego” en Organizacións non Governamentais publicadas no **BOPPO nº 49 do día 12/03/2021**, na súa **base 16.1** establécese que: “*Transcorridos o primeiros seis meses da contratación, a entidade colaboradora disporá dun mes para **xustificar** os gastos realizados durante eses meses*”.

Casos excepcionais:

- **Suspensión do contrato** (por IT ou debido á situación do COVID-19): a xustificación realizarase durante o mes seguinte aos seis meses **efectivos** de traballo.
- **Redución de xornada** debido ao COVID-19: a subvención reducirase pola mesma porcentaxe da redución da xornada durante o tempo que esta dure.
- **Despido da persoa traballadora ou baixa voluntaria**: A xustificación realizarase polo tempo traballado.

Como realizar a xustificación:

Enviarase unha “**Instancia Xenérica**” a través da sede electrónica achegando con esta a seguinte documentación (tal e como se establece na **base 16.1** da convocatoria):

- **Conta xustificativa dos gastos realizados (modelo obrigatorio)**
- **Memoria-resumo das actividades desenvolvidas pola persoa traballadora durante o período xustificado (modelo obrigatorio)**
- **Contrato de traballo en prácticas**
- **Resolución de alta na Seguridade Social**
- **Modelo IDC (informe de datos de cotización):**
- **Nóminas mensuais da persoa traballadora correspondentes ao período xustificado.**
- **RNT (relación nominal de traballadoras e traballadores)**
- **Informe de vida laboral da persoa titulada beneficiaria da subvención correspondente a cada mensuralidade.**
- **Documentación gráfica da publicidade realizada**
- **Certificado bancario acreditando o pago das nóminas** (solicitado pola Intervención, tal e como establece a base 17.1.c da convocatoria).

Resolución da autoridade laboral (no caso de haber realizado un ERTE (suspensión do contrato ou redución da xornada) debido ao COVID-19).

Como cubrir a conta xustificativa:

Os datos da conta xustificativa a **cubrir** pola persoa solicitante, son as **celas en amarelo**.

A **persoa solicitante** deberá ser representante da entidade ou no seu defecto deberase achegar o Anexo II (certificado de acreditación do cargo e representación) onde a persoa representante da entidade a acredite para presentala no seu nome.

No caso das entidades que tivesen varias persoas contratadas (**suplentes**) haberá que introducir os datos de todas elas así coma os datos económicos por meses de cada un, por separado.

Nas celas de “**Tipo titulación**” hai que elixir o tipo do **despregable**, non escribilo.

Nos cadros para o cálculo individual en meses haberá que indicar o número de días traballados en cada mes así coma o número de días de baixa por IT no seu caso (os días se calculan sempre sobre 30 días por mes).

No caso de que se suspendera o contrato ou se reducise a xornada polo COVID-19, deberase indicar na “Instancia Xenérica” especificando as datas de duración e a porcentaxe da redución da xornada no seu caso. No caso de redución da xornada, a cantidade a aboar que aparece na conta xustificativa podería variar xa que a subvención reducirase pola mesma porcentaxe da redución da xornada durante o tempo que esta dure.

Se recomenda realizar a xustificación o antes posible (dentro do prazo establecido) para que no caso de ter que facer emendas dea tempo a realizalas durante o mes da xustificación.

É importante ler todo con detemento e ante calquera dúbida podedes preguntarnos preferiblemente por correo electrónico: oteuprimeiroemprego@depo.es